

CUARTO DE GRAO ELEMENTAL

PROBA DE VIOLONCHELO

Disposicións xerais para as probas de acceso

- En caso de querer presentar un programa diferente ao aquí exposto, o alumno deberá solicitar por escrito o visto bo dos profesores de violonchelo do centro con anterioridade ao día do exame.
- O alumno interpretará unha obra de cada un dos apartados, sendo polo menos unha delas de memoria.
- O alumno interpretará tamén a primeira vista un fragmento proposto polo tribunal.
- Todas as obras que requiran acompañamento de piano serán interpretadas co devandito instrumento.
- As partituras a interpretar polo alumno deben ser orixinais (non fotocopias).

Listado de obras a interpretar para as probas de acceso.

- Un estudio que inclúa as posicións do mango:
 - F.J. DOTZAUER: 113 Estudios para Violoncelo (Vol.I)
- Unha peza con piano de entre:
 - L.R. FEUILLARD: "Le Jeune Violoncelliste 2 A, 2B, 3 A"
 - A.PEJTSIK: "Violoncello music for Beginners" 2, 3 (Editio Musica Budapest)
 - P.HINDEMITH: 3 Pezas doadas
 - J. B.CIRRI: Tres sonatas para violonchelo e piano
 - J.B.BREVAL: Sonata en do maior
 - B.ROMBERG: Sonata nº 1 en si bemol maior.

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a unha voz e dunha extensión entre 8 e 12 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea.
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.